

**RESOLUCIÓN DO 10 DE NOVEMBRO DE 2009 SOBRE A CONTRATACIÓN,
CON CARGO AO PROXECTO CANTATA II DUN TÉCNICO QUE
PRESTARÁ OS SEUS SERVIZOS MEDIANTE CONTRATO LABORAL DE
OBRA OU SERVIZO DETERMINADO.**

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 21 de xuño de 2007 acordou delegar no director xeral a competencia para acordar e formalizar a contratación do persoal de Agader, agás os contratos de alta dirección, en relación á función regulada no artigo 6º f) do Regulamento de Agader (DOG núm. 134, do 11 de xullo).

No exercicio da citada competencia, o director xeral de Agader resolve:

1. Aprobar as bases para a contratación, con cargo ao proxecto CANTATA II, financiado polo Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER), dun técnico que prestará os seus servizos mediante contrato laboral de obra ou servizo determinado (ver anexo I).
2. Facer públicas as citadas bases, que se acompañan a esta resolución como anexo II.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009
O director xeral de Agader
(Acordo do 21.6.07 DOG do 11 de xullo)

ANEXO I: O PROXECTO CANTATA2 CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DO PROXECTO

CANTATA2 é unha intensificación dun proxecto Interreg IIIB Espazo Atlántico denominado CANTATA, que estivo centrado no desenvolvemento do turismo no Espazo Atlántico, deseñando produtos turísticos baseados nas especificidades locais e mellorando a competitividade mediante a adquisición de capacidades.

Co proxecto CANTATA2 preténdese acadar unha masa crítica para desenvolver produtos turísticos innovadores e realizar actuacións de marketing con resultados concretos e tanxibles nas cinco rexións socias do proxecto. Mediante actuacións de desenvolvemento de produto, formación e marketing o proxecto persegue unha maior conexión coas PEMEs e a exploración de redes innovadoras incluíndo o uso das TIC, coa finalidade de explotar o potencial local e mellorar a competitividade do Espazo Atlántico. Tamén pretende fortalecer os vínculos entre organismos públicos responsables do turismo e o sector privado.

ACTIVIDADES DO PROXECTO

- Actividade transnacional :
 - Reunións transnacionais en tódalas rexións socias do proxecto.
 - Seminario Final de proxecto en Galicia.
 - Promoción transnacional das rexións socias en eventos clave.
 - Organización de visitas de familiarización para prensa e empresarios nas rexións socias.
 - Desenvolvemento da páxina web de CANTATA, marketing conxunto innovador e uso de ferramentas promocionais dixitais.
 - Premio transnacional CANTATA “Sense of Place” para empresas turísticas sostibles.
 - Seminarios de difusión en tódalas rexións.
 - Actualización do estudo conxunto sobre o turismo no Espazo Atlántico.
- Investigación orientada ao deseño de produtos turísticos: estudos de mercado sobre produtos potenciais e necesidades dos empresarios.
- Desenvolvemento de produto: procesos para a posta en marcha de produtos turísticos no ámbito galego, así como de produtos transnacionais xunto cos socios no ámbito do Espazo Atlántico.
- Formación: Obradoiros formativos dirixidos a axentes do turismo en cada rexión socia do proxecto cun énfase na construción de capacidades, innovación, uso das TICs, sostenibilidade e competitividade. A formación estará relacionada co desenvolvemento de produtos. Desenvolveranse obradoiros transnacionais cos

socios do proxecto en temas de interese común, como por exemplo: relacións público/privado.

- Promoción: Edición de produtos de comunicación e de accións dixitais. Pasarase do nivel xeral de información turística de CANTATA a unha promoción específica temática. Integración desta actividade en páxinas web xa existentes. Exploración das oportunidades que ofrecen as TICs na promoción do turismo, como por exemplo: pod casts, realidade virtual, visitas guiadas que podan ser baixadas a dispositivos móbiles e tecnoloxía Bluetooth. Viaxes de familiarización (fam trip e press trip).
- Comercialización: definición de estratexias de comercialización dos produtos.

PRINCIPAIS TAREFAS A REALIZAR POLO TÉCNICO A CONTRATAR

- Definición de obxectivos e supervisión da realización de estudos de mercado.
- Deseño de rutas e outros produtos turísticos. Xestión da adhesión de empresas. Execución do plan de actuación derivado da implementación do produto.
- Organizar e conducir talleres formativos dirixidos a empresarios e actores locais.
- Deseñar estratexias de comercialización e xestións con maioristas e outros operadores para a comercialización de produtos turísticos.
- Organizar actividades de comunicación e promocionais (formato papel e dixitais).
- Explorar as posibilidades das TICs na promoción e comercialización dos produtos turísticos.
- Organización de Press Trip e Fam Trip en Galicia en 2011.
- Organizar a reunión de socios que terá lugar en Galicia en 2010.
- Organizar o Seminario Final do proxecto en Galicia en 2011.
- Supervisar o traballo realizado por provedores de servizos no marco do plan de traballo do proxecto.
- Establecer procedementos de seguimento e avaliación das actividades do proxecto en Galicia.
- Elaborar informes de execución e presentacións.
- Participar activamente nas actividades transnacionais do proxecto.
- Participar no desenvolvemento da páxina web de CANTATA. Marketing transnacional.
- Asistencia ás reunións e actuacións transnacionais.
- Acometer cantas actuacións se deriven da execución do proxecto.

ANEXO II

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, CON CARGO AO PROXECTO CANTATA II, DUN TÉCNICO QUE PRESTARÁ O SEU SERVIZO MEDIANTE CONTRATO LABORAL DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO

Primeira: Obxecto da convocatoria

Contratación dun técnico de proxecto para desenvolver as seguintes tarefas:

Execución das accións técnicas derivadas do programa de traballo de AGADER no proxecto CANTATA II, financiado polo Programa Operativo de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2007-2013 (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER). As devanditas accións teñen autonomía e substantividade propia dentro da actividade da empresa.

Segunda: Categoría profesional

Titulado/a universitario/a de grao medio.

Terceira: Retribucións

O traballador percibirá unha retribución mensual de 1564,83 € brutos.

Cuarta: Modalidade e duración do contrato

O contrato a formalizar será por obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, que regula o contrato para obra ou servizo determinado, estimándose o seu remate o 31 de marzo de 2012, sendo a xornada laboral completa.

O centro de traballo estará radicado en Santiago de Compostela, debéndose realizar os desprazamentos necesarios derivados do plan de actuación do proxecto.

Quinta: Condicións dos/as aspirantes

Condicións para o posto:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril do estatuto básico do empregado público, para o acceso ao emprego público de nacionais doutros países.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño normal das funcións propias do obxecto da contratación.
- d) Non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de postos nas mesmas.
- e) Titulación universitaria de grao medio en Turismo, Enxeñería Técnica Agrícola ou Empresariais. Admitiranse tamén Enxeñería Agrónoma e Licenciatura en Económicas.
- f) Coñecemento da lingua galega (oral e escrita).
- g) Coñecemento da lingua inglesa (oral e escrita).
- h) Estar en posesión de carné de conducir.
- i) Disponibilidade para desplazarse polo territorio español, fundamentalmente galego, e aos demais países participantes no proxecto: Gales (UK), Bretaña (Francia), Irlanda e Portugal.

Sexta: Solicitudes

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura anexa a estas bases ata o 30 de novembro (inclusive) na sede de AGADER.

As instancias, dirixidas ao director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), presentaranse no rexistro xeral de Agader, sito na Rúa Camiños da Vida s/n – Edf. Witland, 2º A e C, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

O enderezo que figure nas solicitudes considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

Sétima: Documentación a presentar

Os aspirantes deberán acompañar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou da documentación acreditativa do apartado a) da base nº 5.
- b) Fotocopia da titulación requirida.
- c) Currículo.
- d) Fotocopia do carné de conducir.
- e) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- f) Fotocopia dos contratos de traballo.

Toda a documentación en idioma distinto do galego ou castelán, deberá ir acompañada de tradución oficial. O aspirante seleccionado deberá presentar copia compulsada da documentación citada no momento da sinatura do contrato, así como documentación acreditativa sobre os puntos c) e d) da base nº 5 (en relación ao punto c) presentarase certificado médico).

O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante título Celga 4, Perfeccionamento ou equivalente. En caso de que un candidato non poda acreditarlo, deberá pasar unha proba do nivel referido. A proba a que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta. No caso de ser non apta, o candidato quedará excluído.

No desempeño das súas funcións, o candidato seleccionado deberá asistir a reunións transnacionais que serán mantidas en inglés, participando en conversacións cunha fluidez que posibilite a comunicación con falantes nativos; igualmente, deberá elaborar informes e presentacións nesta lingua. Por esta razón, a comisión de selección realizará unha proba de inglés co fin de que os candidatos/as demostren o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua inglesa.

A proba a que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta. No caso de ser non apta, o candidato quedará excluído.

Oitava: Lista de admitidos

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de 10 días hábiles publicarase no taboleiro de anuncios de Agader e na súa páxina web: <http://agader.xunta.es> a relación provisoria de admitidos e excluídos. O prazo para as reclamacións contra a lista provisoria de admitidos e excluídos será de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Tramitadas todas as reclamacións, nun prazo máximo de 10 días hábiles, publicarase a lista definitiva de admitidos ao proceso.

Novena: Comisión de selección

Para a selección do/a candidato/a que se vai contratar, constituirase unha comisión de selección designada polo Director Xeral, que estará formada por un presidente, dous vogais e un secretario.

Son funcións da comisión:

- a) Desenvolver o proceso de selección e elevar ao director xeral de Agader a proposta de resolución da contratación.
- b) Interpretar o contido destas bases.

Décima: Proceso de selección.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases.

1ª fase. Baremo de méritos

A puntuación máxima acadable nesta fase é de 80 puntos. Se algún/ha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación que corresponda nese apartado e de seguido aplicarase un prorrateo para a asignación da puntuación dos seguintes

candidatos. Neste caso o sistema de cómputo basearase nunha regra de tres, de xeito que a puntuación máxima do mellor candidato corresponderase coa puntuación máxima do apartado, e a dos sucesivos candidatos quedará ponderada pola devandita regra de tres.

Baremo de mérito:

I – Formación:

(Ata un máximo de 20 puntos)

Másters, cursos, congresos, seminarios relacionados co turismo, produtos agroalimentarios e/ou o desenvolvemento rural:

Entre 30 e 50 horas: 2 puntos

Máis de 50 horas de duración e menos de 100: 5 puntos

Entre 100 horas e 150 horas: 10 puntos

Máis de 150 horas: 15 puntos

II – Experiencia:

(Ata un máximo de 55 puntos)

- a) Contratos de traballo relacionados con turismo agroalimentario: 4 puntos por mes, ata un máximo de 25 puntos.
- b) Contratos de traballo relacionados con deseño e desenvolvemento de produtos turísticos, promoción e comercialización turística: 4 puntos por mes, ata un máximo de 20 puntos.
- c) Contratos de traballo relacionados con produtos agroalimentarios de calidade: 4 puntos por mes, ata un máximo de 20 puntos
- d) Contratos de traballo relacionados con proxectos de desenvolvemento rural (desenvolvemento de actividades económicas, incluído ou non turismo) : 2 puntos por mes, ata un máximo de 10 puntos.
- e) Contratos de traballo relacionados coa coordinación e/ou seguimento de proxectos de desenvolvemento turístico: 1 punto por mes, ata un máximo de 10 puntos.

III- Publicacións:

(Ata un máximo de 5 puntos)

Publicacións relacionadas co turismo, produtos agroalimentarios e/ou o desenvolvemento rural:

- a) 1 punto por publicación de artigos en revistas especializadas.
- b) 2 puntos por publicación de artigos en obras colectivas.
- c) 3 puntos por publicación de libros de autor.

En caso de que a un traballo realizado se lle poda atribuír a puntuación de máis de un dos apartados citados, aplicaráselle só a puntuación máis alta.

A valoración de méritos publicarase no taboleiro de anuncios de Agader e na súa páxina web. Contra ela procederá poñer reclamación no prazo de 5 días naturais desde o día seguinte ao da publicación.

2ª fase. Entrevista persoal:

(Ata un máximo de 20 puntos)

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal, profesional e regrada, que realizará a Comisión de Selección coas persoas que obteñan as cinco mellores puntuacións na primeira fase do proceso selectivo, co obxectivo de determinar a súa aptitude e capacidade para desenvolver o posto de traballo.

As entrevistas realizaranse na data e lugar que indique a Comisión e os aspirantes deben acudir provistos do DNI.

Undécima: Publicación de resultados da selección.

O resultado do proceso selectivo virá determinado pola suma das puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de baremo de méritos e na fase da entrevista. A Comisión de Selección elevará a proposta de selección ao director xeral de Agader. O resultado do proceso selectivo publicarase no taboleiro de anuncios de Agader e na páxina web por orde decrecente de puntuación. A lista definitiva converterase en lista de substitución.

En caso de empate entre aspirantes utilizaranse como criterio de desempate a maior puntuación obtida na experiencia profesional; se o empate continuara, terase en conta a maior puntuación obtida na entrevista; e, no último lugar, utilizarase como método para o desempate a maior puntuación obtida no apartado formación.

Duodécima: Recursos

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.



**SOLICITUDE DE ADMISIÓN NA CONVOCATORIA PARA A
CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO CON CARGO AO PROXECTO
CANTATA2**

DATOS PERSOAIS

9. DNI + LETRA NIF	10. PRIMEIRO APELIDO	11. SEGUNDO APELIDO	12. NOME
13. DATA DE NACEMENTO	14. PROVINCIA DE NACEMENTO	15. CONCELLO DE NACEMENTO	
16. TELÉFONO CON PREFIXO		17. ENDEREZO, RÚA, PRAZA, NÚMERO	
18. PROVINCIA	19. CONCELLO	20. CÓDIGO POSTAL	21. NACIONALIDADE

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para participar na convocatoria e que se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. Así mesmo, DECLARA ter dispoñibilidade para viaxar no marco das actividades do proxecto, tal e como se especifica nas bases reguladoras desta convocatoria.

..... de de 2009
(Sinatura)

Instrucións para o interesado

- Escribir só a máquina ou con bolígrafo sobre superficie dura, empregando maiúsculas tipo imprenta.
- Os datos deben resultar claramente lexibles.
- Evitar dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscadas.
- Non escribir nos espazos reservados.
- Asinar o impreso.

(Selo do rexistro)

SR. DIRECTOR XERAL DE AGADER
Rúa Camiños da vida s/n – Edf. Witland 2º A e C
15705 Santiago de Compostela